

CURSO ESCOLAR 2.026/2.027 - **RESUMO AXUDAS FONDO SOLIDARIO, CHEQUE LIBROS, CHEQUE MATERIAL**  
Poderán consultar toda a información no DOG Núm. 90 do Luns, 18 de maio de 2026

- . FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO 3º, 4º, 5º E 6º DE E.P. E 1º, 2º, 3º, E 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)
- . AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO EN 1º E 2º DE E.P. ASÍ COMO PARA O ALUMNADO DE NEAE
- . MATERIAL ESCOLAR- ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E ESO

O prazo para presentar a solicitudes e dende o 19 de maio ata o 19 de xuño de 2026 (ámbolos dous incluídos)

O alumnado que repita 4º de ESO e o que non obteña praza en FPB para o curso 2026/2027 deberá formalizar a matrícula no curso da ESO que lle corresponda, e presentar a axuda no prazo dun mes dende a formalización da matrícula.

Será obrigación dos pais/nais/titores cumprir os prazos.

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais dos alumnos@s.

A solicitude será única para todos os fillos que estén no mesmo centro docente

A solicitude deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED330B-anexos I e II) accesible dende a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ou presencialmente no centro docente. Os ANEXOS I e II deberán estar asinados polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación

- . Fotocopias do D.N.I. ou N.I.E. (maiores de 14 anos)
- . No caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE deberán solicitar un certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do Concello
- . Fotocopia do Libro de Familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación, poderá acreditar o número de membros utilizando, por exemplo:
  - 1º) Sentenza xudicial de separación ou divorcio, de ser o caso, convenio regulador
  - 2º) Certificado ou volante de convivencia
  - 3º) Informe dos servizos sociais.
- . De darse o caso, deberán aportar a documentación correspondente a :
  - . Certificado de minusvalía
  - . Violencia de xénero
  - . Alumnado en situación de tutelado ou en garda da Xunta de Galicia

Para poder acceder as axudas, ao rematar o curso 2025/2026, todo o alumnado beneficiario deberá de facer a entrega dos Libros recibidos do fondo solidario ao centro para a súa incorporación para o curso 2026/2027

O prazo máximo para devolvelos será o 19 de xuño de 2026.

**SI UNHA FAMILIA TEN VARIOS FILLOS NO CENTRO, SOAMENTE TERA QUE CUBRIR UNHA SOLICITUDE.**  
ASIGNACIÓN DE LIBROS desde 3º de E.P., hasta 4º de ESO (Fondo Solidario)

Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto

Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000€ : catro (4) libros de texto.

Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33%: seis (6) libros con independencia da renda.

AXUDA DE LIBROS

Ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €:cheque de 240€

Ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior

10.000€ : cheque de 160€uros

Ao Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e que utiliza libros adaptados se lle solicitará unha axuda para adquirir libros ou material complementario específico:

E.P. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000€: 240€

E.P.. Renda per cápita familiar superior a 6.000 e igual ou inferior a 10.00€:160€

ESO Renda per cápita familiar superior a 6.000:270€

Cando, ademais teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: 300€, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o importe da axuda será o maior correspondente ao ensino e curso en que estea matriculado, con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

Ao alumnado matriculado en EE a contía das axudas será de 300€, con independencia da renda per cápita da unidade familiar

#### AXUDA MATERIAL ESCOLAR.- 75 €uros

- . Ao alumnado matriculado en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €uros.
- . Ao alumnado que estea en situación de garda ou titela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 33% , con independencia da renda.

#### AXUDA MATERIAL ESCOLAR.- 60 €uros

- . Ao alumnado matriculado en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria con renda per cápita familiar superior a 6.000 €uros e igual ou inferior a 10.000€.

#### FONDO LIBROS.- Publicación de listaxes provisionais e definitivas dende 3º de E.P. ata 4º de ESO

DATA 13 DE XULLO DE 2.026

- . Listaxes provisionais de solicitudes admitidas EP e ESO
- . Listaxes provisionais de solicitudes excluídas, indicando a causa de exclusión.
- . Reclamación sobre a lista provisional.- 2 días seguintes á publicación.

DATA 24 DE XULLO DE 2.026

- . Resultado das reclamacións

DATA 27 DE XULLO DE 2.026

- . Listaxes definitivas de solicitudes admitidas EP e ESO

ENTREGA DOS LIBROS DE TEXTO (FONDO SOLIDARIO) DO CURSO 2026/2027.- Os libros de Texto entregaranse o primeiro día de clase.

#### **MATERIAL ESCOLAR QUE SE MERCA NO CENTRO**

Dende Educación Infantil e ata 6º de Educación Primaria.

Soamente se encargará o material escolar dos alumn@s que traian cuberta a reserva, así como efectuado o pago do compromiso de 30 ou 20 €uros (según o caso), unha vez efectuado o pago da reserva, este importe non se devolverá, e se descontará do pago final.

En Educación Secundaria non se encargarán os cadernos de Inglés nin de Francés , así como o material escolar (farase entrega do cheque).

**No caso de estar interesados en mercar o material escolar no Centro deberedes facer o pago, cubrir o compromiso e envío polos alumn@s, deberá vir todo cuberto e co importe da reserva antes do 15 de xuño de 2.026**

**O material reservado deberedes vir a recolle-lo e facer o resto do pago a partir do día 01 de setembro de 2.026 (facilítase o pago en dous, ou tres veces)**

#### **LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR QUE NON SE MERCAN NO CENTRO**

No mes de Xullo, por TOKAPP, enviaránse instrucións para vir a recoller os cheques correspondentes.

**ESPERO QUE ESTAS INDICACIÓNS E DATAS LLES AXUDEN A TER CLARO COMO SERÁ O TRÁMITE PARA O SEU FILLO/A. NON SE OLVIDEN DE QUE ESTAMOS PARA VOTARLLES UNHA MAN, PERO É MOI IMPORTANTE QUE TOD@S POÑAMOS DA NOSA PARTE LENDO DETENIDAMENTE ESTAS INDICACIÓNS, POLO QUE ROGAMOS NOS ENVIÉN CUBERTAS AS SOLICITUDES, ASI COMO A DOCUMENTACIÓN QUE SE SOLICITA. Moitas Grazas**